



GUÍA
DIDÁCTICA

Xoán, Xoana

Francisco Castro



O autor

Francisco Castro




Vigo (1966). Escritor e director xeral de Editorial Galaxia dende decembro de 2016. Dentro da súa produción literaria (traducida a linguas coma o castelán, catalán, italiano, portugués de Brasil...) podemos destacar, entre outros, os libros para mozos *Un bosque cheo de faias* (2004) e *O ceo dos afogados* (2007), distinguidos ambos os dous co premio Frei Martín Sarmiento que conceden escolares de toda Galicia. No ano 2002 obtivo “O Facho” de poesía pola obra *Matar a Walt Whitman moitas veces*. Premio Blanco Amor de Novela (2005) pola novela *Spam*, e Premio de Novela Manuel García Barros 2007 pola novela *As palabras da néboa*. Ten publicados 21 libros entre os que destacan a novela para pequenitos *Chamádeme Simbad* (2009) que entrou na Lista de Honra do IBBY 2012 e recibiu o premio como Mellor Libro Infantil na web Fervenzas Literarias outorgado polos lectores e lectoras, así como o Frei Martín Sarmiento de 2011, e, para un público máis xuvenil, *O segredo de Marco Polo* (2010). Foi Presidente de Gálix entre 2010 e 2014. No ano 2012, asina, con Fina Casalderrey, o libro de relatos *O neno can* (seleccionado na Lista do Centro IBBY de Documentación para Nenos con Dificultades Especiais de Oslo, premio Frei Martín

Sarmiento 2014), e tamén Premio Frei Martín Sarmiento e incluído na Lista de Honra CLIJ 2014. En 2013, a súa novela *O corazón da Branca de Neve* gañou o Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia. Publicou, en 2014, a novela xuvenil *Tes ata as 10* que en 2016 recibiu o Frei Martín Sarmiento e na colección de adultos *Amor é unha palabra coma outra calquera*. No mesmo ano, *Barricadas de Sal* e en 2018, *Iridium*, incluído na Lista de Honra OEPLI 2020 e na Lista Internacional IBBY de Oslo 2020 como un dos mellores libros do mundo sobre o tema da discapacidade. En 2020 publicou a novela *Tantos anos de silencio* e en 2021 a novela *O cemiterio de barcos*. Este libro entrou no catálogo da OEPLI como un dos mellores libros de toda España do ano 2021. En 2018 entrou a formar parte do Consello da Cultura Galega na sección de Pensamento e dende 2020 é o Director da Escola de Letras da Deputación de Pontevedra. En 2021 foi recoñecido como Vigués Distinguido polo Concello de Vigo. No ano 2022 publicou o seu primeiro ensaio titulado *Isto SI é un home*, e o libro *Eso no estaba en mi libro de los Beatles* e gañou o premio Pura e Dora V.

Elena Andrés a ilustradora

Ilustradora e autora nada en Ourense en 1997. Gradouse en Tradución e Interpretación na UVigo, mais cambiou de rumbo cara ao debuxo e estudou Ilustración na EASD Antonio Faílde. En 2022 gañou o Premio Pura e Dora de Ilustración con *Xoán, Xoana*, e publica o seu primeiro álbum infantil *Vou!* como ilustradora e autora en Galaxia. Proximamente publicara tamén con galaxia a súa primeira banda deseñada infantil, *A Brigada Iridescente*.



Guía didáctica

Contexto e xénero literario

A acción desenvólvese nun contexto ben coñecido para o lectorado ao que a novela vai dirixido. Practicamente toda a historia acontece no colexio: nas aulas, comedor escolar, patio, autobús.

Así pois, é unha obra de corte realista con personaxes moi actuais.

Argumento e temas

Esta novela conta a vida de Xoana, que naceu Xoán, pero que se sabe rapaza dende moi pequena. Conta os atrancos cos que se vai atopar diante da incompreensión de parte da súa familia e do contorno escolar protagonizado por Os de Atrás, un grupiño de nenos convencidos de que a masculinidade é o que é: fútbol, golpes, berros. Xoana contará coa solidariedade de Uxía, a súa grande amiga. E dalgún adulto co que non contaba.

Toda a novela insírese dentro dunha trama relacionada cos estraños sucesos que rodean a celebración dun campionato escolar de fútbol. Desaparecen os balóns e o colexio énchese de estrañas pintadas.

Enigmas que hai que dilucidar ao tempo que a sociedade se aclara tamén sobre algo tan sinxelo de entender como é o feito de que cada un, cada unha, ten dereito a sentir como se lle antolle.



TRANSEXUALIDADE



DIVERSIDADE



A FAMILIA



A AMIZADE

Actividades previas á lectura

- 1º** Que sabes da transexualidade?
- 2º** Coñeces algunha nena ou algún neno trans?
- 3º** Sóache a expresión “disforia de xénero”?



Actividades posteriores á lectura

O TÍTULO

- Pareceche ben o título escollido para o libro?
- Atrévete a suxerir un título alternativo?
- Sentiches algunha vez que es diferente a como todos pensan e din que debes ser?

OS TEMAS

- Cal pensas que é o tema deste libro?
- Procura parágrafos que deixen claro de que trata esta novela.
- Coñeces outros libros que versen sobre a transexualidade?
- En que pensas que se trabucou o autor?
- Contarías esta historia doutro xeito?

OS PERSONAXES

- Podes nomear os personaxes que aparecen nesta novela?
- Quen dirías que é o verdadeiro protagonista?
- Que che parece como o autor describe Aos De Atrás?
- Con quen te identificas máis?
- Tiveches algunha vez un profe como algúns dos que saen neste libro?
- Que opinas dos pais de Xoana?

O NARRADOR

- Quen conta a novela?
- Que pasaría se a historia a contase un Dos De Atrás?
- Pensas que a historia sería distinta se a contase, por exemplo, á directora?

O TRATAMENTO DO ESPAZO E DO TEMPO

- Cales son os espazos onde se desenvolve a novela?
- En que momento do ano está ambientada?
- Pensas que o autor describiu ben os espazos do colexio?

A TRANSEXUALIDADE

- **OBXECTIVO** Coñecer que é ser un neno ou nena trans.
- Comprender os problemas que ten unha sociedade que non ten unha actitude inclusiva con estas persoas

ACTIVIDADES

- Investigar sobre a Transexualidade. Que é. Definición alén dos estereotipos.
- Comprender a importancia de crear unha sociedade inclusiva.
- Crear debate na comunidade educativa arredor desta cuestión.
- Facer conscientes os estereotipos e os prexuízos arredor da cuestión da transexualidade.

Guía didáctica

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA E MATERIAL DE CONSULTA PARA O PROFESOR E O ALUMNADO.



- *Tomboy*
(Céline Sciamma, 2011)



- *A Kid Like Jake*
(Silas Howard, 2018)




- *Todo es posible*
(Billy Porter, 2022)



- *20.000 especies de abejas*
(Estibaliz Urresola, 2023)



Guía didáctica



árbore / a partir dos 12 anos



f @falamos.delibros

t @EdGalaxia

i @galaxiaeditorial

globe www.editorialgalaxia.gal